

GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA

NEXOS

A CULTURA
CONTEMPORÂNEA
ATRAVÉS DAS LETRAS
**CICLO DE LITERATURA
E PENSAMENTO**

ABR-NOV 2013

CINC / CIDADE DA CULTURA
SANTIAGO DE COMPOSTELA
CIDADEDACULTURA.ORG



GAIÁS CIDADE DA CULTURA

Situada en Santiago de Compostela, a Cidade da Cultura de Galicia eríxese no cumio do monte Gaiás como un formidable fito arquitectónico do novo século dedicado ao coñecemento e a creatividade.

Deseñada polo arquitecto americano Peter Eisenman para acoller as mellores expresións da cultura de Galicia, España, Europa, Latinoamérica e o mundo, esta nova “cidade”, inclusiva e plural, quere converterse nunha “factoría de proxectos” que dinamice o noso tecido de industrias culturais, unha plataforma que lle dea visibilidade ao mellor das nosas expresións artísticas e un punto para o intercambio de ideas e experiencias, conectando Galicia ás redes nacionais e internacionais de creatividade e coñecemento.

Os seus singulares edificios, conectados por rúas e prazas dotados dun avanzado nivel tecnolóxico, configuran un espazo de excelencia para a reflexión, o debate e a acción orientados ao futuro de Galicia e a súa internacionalización.

NEXOS

Abril-Novembro
Centro de Innovación Cultural

Vivimos en sociedades complexas, plurais e en constante cambio. A cultura contemporánea é a cada paso máis mestiza. Para comprender as claves e tendencias de hoxe precisamos dunha visión panorámica que supere as vellas fronteiras do saber, conxugando a un tempo os enfoques científico e humanístico.

Nexos propón un diálogo entre a literatura e outras áreas de coñecemento, sexan a ciencia, as artes, o pensamento ou a sociedade. Ao longo de cinco sesións abordaranse temas de actualidade ou inmemoriais, pero sempre tomando como fío condutor o eido literario para a continuación abrírnos a unha conversa fluída con outras disciplinas.

Herdeiro do **Galicia, Ceo das Letras**, e coordinado por Marcos Lorenzo, o novo ciclo combinará relatorios, retruques e actuacións artísticas, achegándonos reflexións estimulantes desde un formato ameno e distendido. Para non perder o costume, as mañás dos sábados.

Nesta primeira edición de **Nexos** exploraremos o universo filosófico de Rayuela (a peza mestra de Julio Cortázar), a irrupción do ollar feminista da man de Clarice Lispector e Virginia Woolf, o controvertido papel do deporte na sociedade actual, o devir e horizontes da cultura labrega tradicional e a capacidade corrosiva do humor fronte a toda afectación e solemnidade. Cinco sesións que actuarán a un tempo sobre o intelecto e os sentidos, excitando a nosa curiosidade e ofrecendo novas perspectivas sobre a realidade que nos toca vivir.

GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA

NEXOS

NEXOS **PROGRAMA**

PROGRAMA

50 ANOS DE RAYUELA. A ATMOSFERA INTELLECTUAL DE PARÍS E BOS AIRES CANDO JULIO CORTÁZAR.

6 DE ABRIL
12:00 HORAS



En 2013 cúmprese medio século da publicación dun artefacto narrativo que había revolucionar os fundamentos da novela moderna: *Rayuela*. O seu estilo fragmentario e brincador aínda chama hoxe a nosa atención, pero tamén os mundos apaixonantes que describe e os debates filosóficos que a nutren, debates que son o espello no que se reflicte unha época. O existencialismo, o estruturalismo e moitos outros “ismos” cobran vida neste libro, dando conta dun momento histórico vibrante no que París e Bos Aires eran poderosas factorías do pensamento.

12:00 | Relatorio: JeanLiberto Andreu. Ensaísta, crítico de arte e profesor de literatura e cultura hispanoamericana da Universidade de Toulouse – Le Mirail, onde foi redactor da revista de culto *Caravelle*.

Considerado un dos meirandes especialistas na obra de Cortázar, a quen o unía unha estreita amizade. A editorial Alfaguara publicou as cartas que lle enviou o escritor arxentino (Julio Cortázar, *Cartas*, 2 e 3).

12:45 | Proxección fotográfica: Claudio Rodríguez Fer. O poeta e director da Cátedra Valente da USC mostrará unha selección de imaxes de Cortázar, enriquecidas polas súas explicacións e comentarios.

13:15 | Concerto: Sin Red. Cuarteto poético-musical, pioneiro na península ibérica no uso da improvisación libre e no diálogo e exploración das relacións entre música e palabra, estrea en exclusiva para *Nexos* unha peza inspirada en *Rayuela*.

PROGRAMA

CRÓNICA DA CONDICIÓ FEMININA: CLARICE LISPECTOR E VIRGINIA WOOLF.

4 DE MAIO
12:00 HORAS

Ao longo do século XX os enfoques de sexo e xénero foron gañando terreo no debate intelectual e político. A toma de conciencia do sometemento histórico da muller levou a un grupo de escritoras e pensadoras a cuestionar estereotipos, a denunciar os mecanismos de discriminación e a reivindicar a súa radical individualidade, como suxeitos autónomos e donas de seu. Así, a brasileira Clarice Lispector constrúe parte da súa obra sobre a dificultade das relacións humanas, a disección da institución familiar e unha vigorosa afirmación do eu, servíndose para iso do fluxo da consciencia, como antes fixera unha insigne predecesora, Virginia Woolf.

12:00 | Exposición inicial: Carmen Blanco. Escritora e profesora titular de literatura galega na USC. Autora de obras de creación como *Atracción Total* ou *Un mundo de mulleres* e de numerosos libros sobre poder, sexo e cultura. Na súa exposición acometerá unha introducción ao nexo entre feminismo e literatura e unha aproximación á figura de Virginia Woolf.



12:30 | Relatorio: Elena Losada. Profesora titular de literatura portuguesa na Universidade de Barcelona. Coordinadora da web “Lletra de dona” e investigadora do Centre Dona i Literatura da UB, ten traducido quince libros de Clarice Lispector, recibindo en 2012 o Premio Giovanni Pontiero pola súa tradución de *Minhas Queridas*. É unha consumada especialista na obra da escritora brasileira, sobre quen disertará no seu relatorio.

13:15 | Danza contemporánea: Dous artistas por vontade anónimos presentarán unha acción de danza creada ex proceso para este ciclo. Así o explican: “Práctica – experiencia dun eu, dun ti, dun eu e un ti, de dous eus, de dous tis, un home, unha muller, un corpo, outro corpo, nada... Unha práctica – experiencia sobre a nada”.

PROGRAMA

A VIDA COMO COMPETICIÓN. A PEGADA DO DEPORTE NA NARRATIVA ACTUAL

1 DE XUÑO
12:00 HORAS



O deporte é hoxe un fenómeno de masas que mobiliza inxentes recursos económicos e provoca acaloradas discusións nas rúas e cafés. Baixo eses debates adoita agocharse un cruce de cosmovisións. Non en van, os grandes heroes deportivos e os seus fitos son con frecuencia munición para a propaganda política, a identidade territorial (“a guerra por outros medios”) e mesmo sustento de ideoloxías que glorifican a saúde, a competición e o trunfo dos mellores. Non é de estrañar que esta manifestación da cultura popular suscítase o interese de literatos e artistas, das odas olímpicas de Píndaro aos poemas de Rilke, Cendrars ou Eluard, dos manifestos de Marinetti ás pezas musicais de Satie ou Debussy.

12:00 | Relatorio: Santiago Seguro. Un dos máis prestixiosos xornalistas deportivos de España, colaborador habitual en faladoiros radiofónicos de máxima audiencia. Foi redactor xefe das seccións de deportes e cultura en El País. Posteriormente incorporouse a Marca como adxunto ao director. Vén de publicar

unha recompilación das súas mellores crónicas no libro *Héroes de nuestro tiempo* (Debate, 2012).

12:30 | Relatorio: Manuel Rivas. Escritor, poeta, ensaísta e xornalista, é unha figura central da literatura galega contemporánea. Autor prolífico, a súa obra foi adaptada ao cine e traducida a vinte idiomas. Ao longo da súa traxectoria recibiu numerosos recoñecementos entre os que destacan o Premio Torrente Ballester, o Nacional de Narrativa, os premios da Crítica Española en tres ocasións e da Crítica de Galicia en dúas, ou o nomeamento como Doutor Honoris Causa pola UdC. Desde 2009 é membro da Real Academia Galega.

13:15 | Proxección audiovisual. Colaxe composto polo Centro Galego de Artes da Imaxe para este ciclo a partir dunha escolma de imaxes históricas vinculadas ao deporte en Galicia. Fútbol, traíñas e estampas sociais extraídas do NO-DO e outras fontes documentais entre os anos 20’ e a década dos 60’ do pasado século.

PROGRAMA

O LONGO DEVALO DA CULTURA LABREGA. DA MEMORIA VIVA ÁS PREVISIÓNS DE FUTURO.

5 DE OUTUBRO
12:00 HORAS

A labrega é unha cultura de vello, decantada ao longo de séculos de interacción entre as comunidades humanas e a contorna natural. Esa estreita relación entre o ser humano e a terra, amén das circunstancias históricas, deron pé en Galicia á creación dunha rica, mesta e peculiar antropoloxía, a unha forma de estar no mundo. O proceso de modernización do país supuxo o paulatino abandono do agro en favor das vilas e cidades, e a substitución daquela cosmovisión tradicional por outros coñecementos e imaxinarios. Nesta sesión preguntámonos, da man de Uxío Novoneyra, canto daquela mundo aínda subsiste, e desde un ángulo máis técnico ou científico, que lle agarda ao noso agro no futuro inmediato.

12:00 | Relatorio: Olga Novo. Poeta, ensaísta, tradutora e profesora de galego na Universidade da Alta Bretaña e de literatura na Universidade de Bretaña Sur. No ámbito poético gañou o Premio Losada Dié-



guez en 1998 e o Premio da Crítica Española en 2011. Como investigadora recibiu, entre outros, o Premio Ánxel Fole en 2004 polo libro *Uxío Novoneyra. Lingua Loaira* (Fundación Caixa Galicia, 2005).

12:45 | Exposición complementar: Xoán López Facal. Enxeñeiro industrial e economista, foi director financeiro de SODIGA, membro do equipo redactor de “A economía galega” (CIEF – Caixa Galicia) e deputado no Parlamento Galego polo PSG-EG. Un dos intelectuais galegos de referencia, posuidor dunha sólida formación humanística.

13:15 | Contacontos: Celso F. Sanmartín. Alén dun extraordinario poeta, Celso é quizás o narrador galego con maior raizame na cultura labrega e sen dúbida dos máis inspirados de hoxe. Nesta sesión fiará un feixe de historias tenras e trastes que nos evocan á aldea no tempo dos nosos avós.

PROGRAMA

CONTRA A SOLEMNIDADE. O HUMOR DISOLVENTE NA LITERATURA

9 DE NOVEMBRO
12:00 HORAS

Que é o humor? Algúns din que é un estado de conciencia que serve para alixeirar o peso emocional da vida. Para outros é unha disposición de ánimo que nos permite albiscar o lado absurdo e paradoxal da existencia. Ou un saudable freo contra o propio narcisismo. O certo é que as formas do humor constitúen un repertorio inmenso que esquivada toda definición. Humor branco ou negro, sátira, sorna, retransa, parodia, ironía... Poucos pensadores se atreveron a lle meter o dente (entre nós, Celestino F. de la Vega), pero centos de escritores o empregan como un recurso imprescindible. A lista sería interminable. Baste citar a Quevedo, Thomas de Quincey ou Alfred Jarry. Ou desta beira a Valle Inclán, Castelao ou Julio Camba.

12:00 | Relatorio: Eduardo Mendoza. O autor de *La ciudad de los prodigios*, *La verdad sobre el caso Savolta* ou *El misterio de la cripta embrujada* é un dos referentes inescusables da literatura española actual, ademais dun destacado cronista da cidade de Barcelona e un mestre exquisito no manexo do humor. Antes de recibir o Premio Planeta (2010) e multitude de recoñece-



mentos en España, Francia e Italia, foi tradutor da ONU en Nova Iorque.

12:45 | Exposición complementaria: Gonzalo Navaza. Escritor, poeta, ensaísta, tradutor e profesor de literatura na Universidade de Vigo, foi director dos dicionarios de galego da editorial Xerais. Na súa faceta literaria foi galardoado, entre outros, co Premio da Crítica Española en 1991 e 2000. Algunhas das súas obras, como *A torre da derrota*, *Elucidario* ou *Erros e Tánatos* son cumios do humor, dos xogos de palabras e dos palíndromos. Desde 2009 é académico correspondente da RAG.

13:15 | Teatro experimental: Los Torreznos. O dúo formado por Jaime Vallaure e Rafael Lamata son un expoñente do chamado “Arte de Acción”, sendo aclamados en numerosas xiras por Asia, Europa e América. Nesta sesión presentarán a súa peza “La Cultura”, na que parten dunha suposta conferencia que dexenera ate desvelar capas profundas...

SESIÓN INFANTIL



Nexos prestará especial atención aos máis pequenos, aos que introducirá na relación entre a literatura e os diferentes aspectos da vida que se inclúen no ciclo (do feminismo ao humor pasando polo agro ou o deporte), transmitindo a idea de que a través dos libros e da expresión artística podemos entender a realidade, transformala e melloralala.

Dirixida a nenos de Primaria –de 5-6 a 11-12 anos–, cada sesión artellarase baixo a fórmula: ler, facer, falar.

LER. Tras unha pequena recepción no hall do Centro de Innovación Cultural, os participantes farán unha pequena aproximación aos libros relacionados coa sesión a través dunha lectura conxunta dunha ou varias

das obras, un contacontos ou unha actividade musical.

FACER. A diversión tamén está asegurada a través de actividades lúdicas e didácticas na que os nenos participarán de forma activa. Cada sesión será única, con actividades que van desde técnicas de escritura automática e creación de murais a xogos de dramatización coa posibilidade de caracterización de maquillaxe e vestuario, xogos nos que a música e o ritmo sexan protagonistas ou xincanas coas que agudizar os sentidos e resolver enigmas.

FALAR. Como peche das actividades, extraeranse unha serie de conclusións e propiciarase o debate e o intercambio de ideas no ámbito familiar.

INFORMACIÓN PRÁCTICA

Lugar:

Auditorio Centro de Innovación Cultural (CINC).

Datas:

6 de abril:

50 anos de Rayuela. A atmosfera intelectual de París e Bos Aires cando Julio Cortázar.

4 de maio:

Crónica da condición feminina: Clarice Lispector e Virginia Woolf.

1 de xuño:

A vida como competición. A pegada do deporte na narrativa actual

5 de outubro:

O longo devalo da cultura labrega. Da memoria viva ás previsións de futuro.

9 de novembro:

Contra a solemnidade. O humor disolvente na literatura

Todas as sesións ás 12:00 horas.

Inscripción: de balde previa reserva en www.cidadedacultura.org
(A inscrición abrirase o luns posterior á última sesión)

Entidades

colaboradoras:

PATRONOS FUNDACIÓN GAIÁS

As seguintes empresas, institucións e persoas decidiron participar e apoiar activamente a Cidade da Cultura de Galicia, demostrando o seu firme compromiso con Galicia e coa cultura.

Todas as empresas, institucións e persoas que conforman o Padroado da Fundación Gaiás comparten cos responsables e os xestores da Cidade da Cultura de Galicia a idea de apostaren decididamente pola cultura en Galicia, tanto polo seu valor como eixe de cohesión social, como pola súa capacidade para fomentar o progreso sostible da sociedade galega.



INDITEX

INVERAVANTE



Fundación Barrié

Banco Gallego



Estrella Galicia 



GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA



fundación cidade
da cultura de galicia



**XUNTA
DE GALICIA**